

PEZA DO MES

setembro

2002



ESTATUA-MENHIR DE VILAR DE SANTOS

PEZA VENCELLADA A PRACTICAS DE PROTECCIÓN E FECUNDACIÓN DO GANDO E ATRIBUÍBLE Á IDADE DO BRONCE.





ESTATUA - MENHIR

En marzo do ano mil novecentos oitenta e dous, un colaborador do Museo pasounos información verbo da existencia dunha posible estela ou novo miliario en Vilar de Santos, formando parte do muro de peche dunha finca. A información levounos a procurar a súa localización e, de seren posible, a súa recollida e traslado o Museo, feitos que resultaron factibles, anos despois, polas xestións e disposición de don Xosé Antón Jardón Dacal. A peza é un bloque granítico, de cento cincuenta e seis cm de altura, de sección oblonga, con dimensións máximas de 52 cm de fronte e de 36 cm de cumprimento, e un perímetro máximo de 156 cm. Na parte superior, dispónse, sobresaíndo, unha prominencia redondeada, a xeito de cabeza, que ten nunha das súas caras unha coviña, reforzando o seu aspecto antropomorfo. Unha escotadura marcada, de dez centímetros de

altura e a cincuenta da súa parte inferior, serve para realzar a súa imaxe humana cos brazos pegados ó corpo. A superficie é lisa, máis desgastada e alisada pola parte traseira e lateral esquerda, que no momento da súa localización daban cara ó camiño, namentras que o fronte é máis sobresaínte. Compre, con todo, destacar a presenza dunha coviña na extremidade distal que semella a cabeza, outra no peito, unha tenue incisión continua no colo, que chega ata a coviña do peito, outra que semella un machado plano nun lateral, e o rebaixe central que marca o remate das extremidades superiores.

Cando se descubriu formaba parte do valado de peche dunha finca, na beira dun camiño, a uns 50 metros dunha encrucillada, e non moi lonxe da traza que naquelas paraxes segue a vía romana, coñecida coma vía XVIII, de Bracara a Astúrica, da que, neste tramo, se conservan trazas e se teñen localizado diversos miliarios, razón pola que nun primeiro momento se pensou que fose un máis a engadir a serie dos coñecidos no sector, endeben logo do seu recoñecemento se desbotase a relación. Trátase dunha zona de veiga, aberta e ampla, na que non se distinguen restos de monumentos megalíticos ou doutro tipo que non sexa a xa citada vía romana.

A pesares da súa situación, a pedra tiña un certo recoñecemento na zona, xa que é tradición de que as vacas cando pasaban pola súa beira ían restregarse nela cando andaban preñadas e era bo síntoma para un nacemento venturoso. Este feito de restregarse os animais, apréciase na peza que ten, coma consecuencia, un sector ben pulido na traseira e na parte lateral da esquerda. O recoñecemento desa tradición singular deu pé a que se prantexasen certas reticencias para que a peza ingresase no Museo, que foron resoltas eficazmente polas boas xestións xa citadas. Por outra parte, esta singularidade, entronca a peza con outros elementos semellantes e ben coñecidos de pedras protectoras e favorecedoras, que foron estudadas por Taboada Chivite no seu discurso de ingreso na Real

Academia Galega ou por Fraguas Fraguas na súa *Galicia insólita*.

As características morfolóxicas da peza levaríannos a identificala coma unha estatua-menhir, atribuíble o ámbito cronolóxico cultural da idade de bronce, da que coñecemos algúns outros monumentos próximos de similar tipoloxía.

Coma xa tivemos oportunidade de sinalar nalgunha ocasión anterior, por exemplo na presentación da estela funeraria romana do Muíño de San Pedro, compre establecer unha diferenciación conceptual entre unha laxe antropomorfa, unha estela e unha estatua-menhir, endeben todas teñan en común o predomínio da verticalidade.

A estela vencéllase claramente a un monumento conmemorativo, evocador ou sinalizador dalgunha circunstancia ou realidade. A laxe antropomorfa é un monolito que conserva basicamente a forma orixinaria da pedra, aínda que se perfila o contorno dunha figura humana. A estatua-menhir, pola súa banda, aparéce-nos coma unha peza adaptada para ser contemplada por calquera que a vexa, con formas subsidiarias, pero diferenciadas, do seu bloque orixinario, e que pode responder á silueta do corpo humano máis ou menos completamente figurado ou suxerido.

De acordo con estas caracterizacións, a peza de Vilar de Santos encádrase a medio camiño entre a laxe antropomorfa e a estatua-menhir, aínda que responde mellor á segunda pola súa concepción volumétrica, a diferencia fronte-traseira, e a aparición de trazos definidores que exceden as características orixinarias do bloque.

Outra faciana a considerar é a relación con monumentos similares e próximos.

Non abundan na Galicia os menhires nin as estatuas menhires; daqueles os máis coñecidos coma a Lapa de Gargantans, ou menhir de Corrubedo, afástanse moito do noso modelo. Pola contra, no ámbito inmediato do norte de Portugal, dos tres grupos nos que articulou a complexa problemática das estatuas menhires da zona, Susana Oliveira Jorge, coidamos que esta nosa peza se encadraría no

grupo menos definido, ó que respondería o exemplar de Boulhousa, aínda que se afasta del na carencia de decoración e a forma máis redondeada da prominencia superior. Pero aínda se separa máis dos modelos do seu segundo grupo, o das estelas menhir de Faioes, de Chaves, Porto, A Bouça, ou mesmo do máis recentemente descuberto en Tameiron, que teñen en común os trazos decorativos, unha estrutura formal semellante e a presenza de elementos que cabe interpretar cronoloxicamente con certa precisión, e tamén dos do primeiro, como os menhires de Luzim, Moncorvo, Quinta do Couquinho ou Cabeço da Mina.

Finalmente, compre abrir o debate da súa cronoloxía. A carencia de elementos de atribución precisa, pode facernos pensar en momentos diversos. As características da representación fannos pensar na cronoloxía atribuída, pero existen elementos que poden abrir novas perspectivas. O debate suscitado no seu día polas pezas de Troitosende, a súa comparación coa peza da Coroa de Reigosa ou as de Ouzande e Paradela, que presentou Vázquez Varela, obrígnanos a tomar con prudencia a atribución ante a carencia dun contexto arqueolóxico definido, pero a posterior definición dos grupos xeograficamente máis próximos nos inclinan a pensar que nos encontramos diante dunha peza encadrable dentro do mundo da Idade do Bronce, mellor que calquera outro, dentro da tradición calcolítica mediterránea.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-985-2002



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

